

## CURSO DE DIDÁCTICA DE MUSEOS: BALANCE DUNHA EXPERIENCIA

M<sup>a</sup> Teresa Iglesias Carreira

### INTRODUCCIÓN

No sistema educativo pretendéronse unhas transformacións que obrigan a levar a cabo unha formación continua do profesorado, na busca de novas articulacións que posibiliten establecer accións de formación.

Facilita-las tarefas de formación, dirixidas ós profesionais da ensinanza, para o traballo interdisciplinar como camiño de autonomía curricular foi obxectivo prioritario do CURSO DE DIDÁCTICA DE MUSEOS que se desenvolveu nun marco de formación axeitada para a reflexión e maila investigación: O MUSEO PROVINCIAL DE LUGO.

Doutra parte, foi moi esperanzador comprobar que esta experiencia ó longo dos cursos 92-93 nutriu e vigorizou a nosa formación e amosouse como un foco de creatividade ética e estética, manantial de auga vivificante que agromou e tornouse extrapolable en todo o ámbito da Comunidade Autónoma.

*“En el sistema educativo se pretendieron transformaciones que obligaron a llevar a cabo una formación continua del profesorado, en la búsqueda de nuevas articulaciones que posibiliten establecer acciones de formación.*

*Facilitar las tareas de formación, dirigidas a los profesionales de la enseñanza, para el trabajo interdisciplinar como camino de autonomía curricular fue objetivo prioritario del CURSO DE DIDÁCTICA DE MUSEOS, que se desarrolló en un marco de formación adecuado para la reflexión y la investigación: EL MUSEO PROVINCIAL DE LUGO.*

*Por otra parte, fue muy esperanzador comprobar que esta experiencia a lo largo de los cursos 92-93 nutrió y vigorizó nuestra formación y se mostró como un foco de creatividad ética y estética, manantial de agua vivificante que surgió y se volvió extrapolable en todo el ámbito de la Comunidad Autónoma”.*

A importancia de que un museo moderno sexa dinámico, aberto, con departamentos didácticos e centro das tendencias investigadoras do seu contorno, quedou reflectida nas palabras do Presidente da Excm. Deputación Provincial de Lugo, D. Francisco Cacharro Pardo, principal promotor do curso innovador de “Didáctica de Museos” que tivo lugar no Museo Provincial de Lugo: “A reforma levada a cabo neste centro, non contem-

plaba unicamente a remodelación arquitectónica, senón que se tivo moi en conta a nova concepción do que debe ser un museo -non un almacén de obxectos máis ou menos valiosos, senón un lugar de formación da persoa-. E, nese sentido, este curso ten a intención de abri-las portas do Museo provincial á sociedade e incorpora-los seus fondos arqueolóxicos e pictóricos á vida escolar”.

A basca do achegamento da cultura a tódolos cidadáns botou a anda-lo curso de Didáctica de Museos, acompañado por recoñecidos profesionais convencidos de que o Museo será un espacio aberto onde gozar da arte.

Boa acollida tivo a iniciativa do Presidente da Deputación Provincial. As prazas ampliáronse de 40 a 53, e nin deste xeito o esforzo puido dar cobertura ás 182 solicitudes de asistencia a este.

As Direccións Xerais de EXB. e E.E.-M da Consellería de Educación e O.U. da Xunta de Galicia e maila Excma. Deputación Provincial de Lugo coa convocatoria do curso de Didáctica de Museos pretenderon seguir coas liñas fixadas no Plan Galego de Formación do Profesorado que tivo como base as necesidades formativas sentidas polo profesorado e recollidas en investigacións realizadas para o efecto e realiza-las actividades de innovación que dinamicen e axuden ós centros de ensinanza.

Deste xeito proporcionouse ós profesores o coñecemento básico específico para unha eficaz visita ó Museo, e que ademais este sexa un lugar aberto e receptor das demandas sociais, que dea cabida e participación a tódolos membros da Comunidade educativa.

Tivo, ademais, como obxectivo conseguir para os nosos nenos e adolescentes unha educación máis activa.

Este curso de Didáctica de Museos realizouse durante os meses de outubro, novembro e decembro de 1992 e celebrouse nas clistintas dependencias do Museo Provincial de Lugo, estivo dirixido a profesores de E.X.B. e B.U.P. de Lugo e á súa provincia como un proxecto de innovación educativa e social. Nel colaborou o C.E.F.O.C.O.P. de Lugo.

### **OBXECTIVOS XERAIS**

- \* Aproveita-los recursos didácticos que nos ofrecen as diferentes salas do Museo Provincial de Lugo.
- \* Elabora-los programas de dinamización educativa tomando como base o Deseño Curricular Base da Comunidade Autónoma de Galicia.
- \* Satisface-las demandas culturais da nosa sociedade poñendo o Museo ó servicio desta, xa que o Museo é unha institución que tamén educa.
- \* Elaboración de material didáctico como monografías de información, guías didácticas..., apropiado e acorde co curriculum de Ciencias Sociais.

### **OBXECTIVOS XENÉRICOS**

- \* Potencia-la calidade do ensino no seu ámbito provincial.
- \* Apoiar e coordina-la experiencia e a renovación pedagóxica no seu ámbito territorial.
- \* Proporcionar á comunidade educativa asesoramento, orientación e guía psicopedagóxica.




Asistentes ó curso de Didáctica de Museos

- a) Respecto do profesorado:
- Que o Museo se convirta nun lugar aberto e receptor das demandas sociais, que dea cabida e participación a tódolos membros das comunidades educativas.
  - Promover e estimular o desenvolvemento de experiencias educativas, e contribuir á promoción destas por tódolas vías posibles.
  - Iniciar, estimular ou facer progresar calquera tipo de investigación educativa e organiza-la publicación dos resultados de estas investigacións.
  - Proporcionar ós profesores o coñecemento básico específico para unha eficaz visita ó Museo.
  - Estimula-los profesores da Área de Sociais tanto de E.X.B. como de Ensino Medio para utiliza-los medios que poidan achega-la arte ós nenos.
- b) Respecto da Escola:
- Proporciona-la información necesaria para coordena-los servicios e ofertas extra-escolares, e os programas de dinamización educativa tanto escolares como extra-escolares.
  - Elaboración de material didáctico e de recursos pedagóxicos e tecnolóxicos.
- c) Respecto da cidade e do medio ambiente:
- Elaboración de material didáctico como monografías de información, guías didácticas, apropiado e acorde ás experiencias piloto de formación de docentes.

- Poñe-lo Museo ó servizo da sociedade contemporánea.
- Satisface-las demandas culturais da nosa sociedade.
- Potenciar unha maior presenza do Museo nas actividades cotiáns da cidade e desta na escola.
- Dinamiza-las distintas institucións e entidades productivas, sociais e culturais do municipio para que asuman nos seus propios campos tarefas relacionadas coa educación e o coñecemento das súas actividades e proxección social.

d) Respecto da Comunidade Educativa:

- Establece-los mecanismos de formación necesarios para un asesoramento permanente para a súa actualización educativa.
- Promociona-la participación dos alumnos, pais e profesores na xestión do ensino nos seus diferentes niveis.
- Descubrir, valorar e canaliza-las diferentes seccións do Museo Provincial de Lugo.




Didáctica de Museos. Visita á Sala de Arte Galega. Museo Provincial de Lugo.

## CONTIDOS

- \* Aspectos básicos da organización do Museo. Didáctica.
- \* O Museo como recurso didáctico.
- \* A integración curricular dos recursos do Museo Provincial de Lugo.

Os contidos do curso estiveron enmarcados:

- Arquitectura
- Arqueoloxía
- Pintura
- Escultura
- Restauración
- Etnografía
- Biblioteca



## PROGRAMA

### 1. FASE TEÓRICA

#### 1. 1. CONFERENCIAS

Correron a cargo de coñecidos especialistas tanto en Pedagogía como en Arte, cun total de 40 horas.

Conferencias:

- . O Museo como recurso didáctico
- . Como afrontar un cadro. Aplicación e interpretación.
- . Unha forma didáctica de ver un cadro. Julia Minguillón e a súa Escola de Doloriñas
- . A Sala de Sargadelos
- . Francisco Asorey no Museo Provincial de Lugo: Experiencias didácticas a partir da súa obra.
- . A Sala Castelao do Museo Provincial de Lugo: unha proposta didáctica interdisciplinar.
- . O Museo - Fortaleza de San Paio de Narla

- . Aprender a descubrir: aprender a pensar
- . Pasado e futuro do Museo Provincial
- . A Arquitectura do Museo Provincial: o seu aproveitamento didáctico
- . A conservación no Museo Provincial de Lugo
- . Movemento renovador. Os novos no Museo Provincial de Lugo
- . As bibliotecas nos Museos
- . A historia imaxinaria: os primeiros poboadores de Galicia segundo a mitoloxía popular
- . A arte no camiño de peregrinación a Santiago
- . Como visitar un museo. A experiencia didáctica do Museo de Pontevedra
- . Presentación dun modelo de Unidade Didáctica a partir dos fondos existentes no Museo
- . A Educación a través da Arte
- . Formas, volumes, esculturas vivas e experimentadas

## 2. FASE PRÁCTICA

Consistente na elaboración de traballos e de material didáctico apropiados e acordes co curriculum de Ciencias Sociais e con temas que teñan relación cos distintos fondos artísticos, arqueolóxicos e históricos que albergan o Museo Provincial, facilitando así o uso do Museo como un recurso educativo de primeira orde.

2.1. FASE DE APLICACIÓN NA AULA con seguimento e cunha duración de 29 horas.

2.2. FASE DE AVALIACIÓN: 9 Horas

2.3. EXPOSICIÓN DOS TRABALLOS REALIZADOS

2.4. VISITAS E EXCURSIONS

2.5. PUBLICACIÓN DOS TRABALLOS REALIZADOS:

Constitúen unha valiosa aportación polo seu compoñente investigador e didáctico, sendo estruturados tendo en conta o Museo como recurso didáctico

### **TRABALLOS DIDÁCTICOS APROPIADOS E ACORDES CO CURRÍCULUM DA ÁREA DE SOCIAIS DE E.X.B. E E.E.M.M.**


Guias didácticas elaboradas na fase práctica polos diferentes grupos de profesores asistentes ó curso.

- . “A cultura castrexa e o Museo”.
- . “Achegamento interdisciplinar a cadros existentes no Museo”.
- . “Arqueoloxía e cultura castrexa: a utilización didáctica dos museos”.
- . “Julia Minguillón Iglesias no Museo Provincial de Lugo”.
- . “A industria lítica no Paleolítico: aproximación á provincia de Lugo”.
- . “A moeda como fonte de coñecemento histórico”.
- . “Lugo Romano”.
- . “Maruja Mallo, a gran ignorada en Galicia”.
- . “Numismática: unha visita ó Museo Provincial de Lugo”.

- . “O convento de San Francisco de Lugo: Unidades didáctica para os alumnos”.
- . “San Francisco de Asís no Museo Provincial de Lugo”.
- . “San Paio de Narla: un exemplo de Señorío”.
- . “Sargadelos, unha experiencia industrial en Galicia”.
- . “Proxecto de Guión Audiovisual da Fortaleza-Museo de San Paio de Narla”.

**GUÍAS DIDÁCTICAS PUBLICADAS CO PATROCINIO  
DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO PARA  
A SÚA DIFUSIÓN E UTILIZACIÓN NA ACTUALIDADE.**

- . “Lugo Romano “
- . “San Francisco de Asís no Museo Provincial de Lugo”
- . “Maruja Mallo, a gran ignorada en Galicia”
- . “San Paio de Narla: un exemplo de señorío”



Curso de Didáctica de Museos. Visita ó Museo Fortaleza de San Paio de Narla.  
Museo Provincial de Lugo. Friol.